



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA




INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Maio 2022

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 31,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,7 puntos superior á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 27,7%, 3,2 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 30,0% e nos Outros servizos o 34,0%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 3,5% e en España un 5,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de maio.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un incremento do 31,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 9,7 puntos superior á do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 27,7%, 3,2 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 30,0%, suma 21,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 34,0% e achegan 9,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 26,6% e nos *Outros servizos* o 30,0%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 36,0%, co que achega 18,6 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 18,6% e achega 0,7 puntos e o *Comercio ao retalho* crece un 13,6% co que suma 2,3 puntos. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 34,8%, o *Comercio ao retalho* o 15,5% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 6,5%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 34,0%. Todos os sectores aumentan a súa facturación agás *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-1,0%). Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 44,5%, co que achega 6,3 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 66,0%, co que achega 1,8 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 30,0%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (36,4%), na *Hostalería* (70,3%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (45,9%).

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 26,8% en Galicia e un 23,5% no conxunto de España. O *Comercio* crece un 23,8% e os *Outros servizos* un 35,6% en Galicia. España rexistra taxas inferiores, 22,5% no *Comercio* e 25,6% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (28,7%), *Transporte* (41,8%) e *Hostalería* (109,4%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 29,2% no mes de maio.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Transporte*, cunha taxa do 40,5% achega 7,3 puntos e a *Hostalería*, ao crecer un 67,8%, achega 8,8 puntos.

No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 31,3%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (31,3%) e *Hostalería* (113,9%).


1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 27,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 27,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.






1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (64,7%) e Canarias (47,4%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (9,8%) e Castilla – La Mancha (14,4%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (50,9%) e Canarias (47,5%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (10,8%) e Castilla y León (15,2%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2022

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 3,5% respecto ao mes de maio de 2021, 2,1 puntos menos que en España (5,6%).

O persoal ocupado crece un 2,2% no *Comercio* e un 4,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,9%) e o *Transporte* (-1,7%). O maior incremento dáse na *Hostalería* (15,0%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexístrase tamén na *Hostalería* (18,6%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 3,4% en Galicia e un 4,9% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 11,8% en Galicia e 15,6% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2021. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (27,6%) e Canarias (7,2%). A taxa máis baixa rexístrase en Aragón (1,2%).

No acumulado do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (18,1%) e Canarias (6,6%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (2,0%) e Castilla y León e País Vasco (2,4%).

Índices de persoal ocupado. Maio 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	165,2	31,0	26,8
Comercio	162,2	30,0	23,8
Venta e reparación de vehículos de motor	124,7	18,6	18,9
Comercio por xunto	182,4	36,0	28,7
Comercio ao retalho	120,8	13,6	9,8
Outros servizos	173,4	34,0	35,6
Transporte	239,6	44,5	41,8
Hostalería	114,4	66,0	109,4
Información e comunicacións	129,1	19,4	16,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	155,9	-1,0	7,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,9	32,6	19,3
España			
Xeral	147,9	27,7	23,5
Comercio	154,4	26,6	22,5
Venta e reparación de vehículos de motor	135,7	6,5	4,9
Comercio por xunto	173,5	34,8	29,5
Comercio ao retalho	123,7	15,5	13,2
Outros servizos	136,0	30,0	25,6
Transporte	151,6	36,4	28,3
Hostalería	121,4	70,3	94,5
Información e comunicacións	119,7	11,3	9,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	147,6	12,0	8,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,0	45,9	34,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	150,8	29,2	31,3
Comercio	154,3	27,4	22,2
Transporte	203,6	40,5	31,3
Hostalería	122,7	67,8	113,9
Información e comunicacións	130,2	19,5	17,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	165,7	4,3	12,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149,6	27,3	23,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	147,9	27,7	23,5
Andalucía	140,0	20,7	18,9
Aragón	144,0	24,2	21,5
Asturias	136,3	18,7	18,6
Baleares, Illes	141,0	64,7	50,9
Canarias	122,4	47,4	47,5
Cantabria	154,9	25,7	19,6
Castilla y León	133,8	15,6	15,2
Castilla-La Mancha	140,5	14,4	16,4
Cataluña	144,6	27,9	22,8
Comunitat Valenciana	151,8	18,6	18,8
Extremadura	142,6	15,0	18,6
GALICIA	165,2	31,0	26,8
Madrid	156,8	35,3	27,4
Murcia	144,9	9,8	10,8
Navarra	163,9	29,1	22,6
País Vasco	149,4	23,6	19,4
Rioja, La	154,9	20,9	18,1

Fonte: N E

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,3	3,5	3,4
Comercio	109,5	2,2	2,3
Venta e reparación de vehículos de motor	96,5	-0,9	1,1
Comercio por xunto	122,3	1,9	1,1
Comercio ao retalho	104,7	3,0	3,4
Outros servizos	107,3	4,5	4,3
Transporte	100,5	-1,7	-0,2
Hostalería	100,0	15,0	11,8
Información e comunicacións	116,4	3,7	4,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,8	2,9	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,5	1,0	2,8
España			
Xeral	110,3	5,6	4,9
Comercio	106,8	2,1	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	104,7	1,2	1,3
Comercio por xunto	111,5	2,4	1,4
Comercio ao retalho	104,1	2,1	2,5
Outros servizos	112,5	7,8	6,8
Transporte	110,2	3,6	3,1
Hostalería	108,0	18,6	15,6
Información e comunicacións	117,9	5,6	5,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,7	2,9	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,5	5,4	5,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,3	5,6	4,9
Andalucía	108,4	6,0	5,2
Aragón	107,7	1,2	2,0
Asturias	106,3	4,5	3,5
Baleares, Illes	124,1	27,6	18,1
Canarias	104,7	7,2	6,6
Cantabria	107,5	4,5	5,0
Castilla y León	103,0	2,3	2,4
Castilla-La Mancha	110,7	4,8	4,7
Cataluña	113,4	6,7	6,1
Comunitat Valenciana	110,3	4,3	3,6
Extremadura	108,6	5,2	5,1
GALICIA	108,3	3,5	3,4
Madrid	110,6	4,9	4,3
Murcia	119,1	2,8	3,9
Navarra	109,5	4,3	4,7
País Vasco	106,2	2,7	2,4
Rioja, La	107,7	1,9	2,7

Fonte: N E